Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concellloderianxo**.gal**

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2019/1

DATA: xoves 31 de xaneiro de 2019 LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h HORA DE REMATE: 21:05 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA: PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTÁNS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS
PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

PP
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN
MARÍA JESUS GALBÁN TEIJEIRO
Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta nº 16/2018 do Pleno en sesión ordinaria de 28 de decembro de 2018

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno

3. Dar conta da Resolución da IDAE da concesión da subvención Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior.

4. Avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento Financeiro 2015-18 na anualidade 2017

5. RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP: Mª Vanesa Martinez Duran

6. OPERACIÓN DE PRÉSTAMO DE 1600000 PARA ADQUISICIÓN PAZO RIANXIÑO 2019

7. Crédito extraordinario 1/2019 para dotar crédito para a actuación "Adquisición do Pazo de Rianxiño"

8. MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN INCAPACIDADE TEMPORAL.

9. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2019

10. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

**1517114039**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=3XEddRYb_x0**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

## 1 APROBACIÓN ACTA Nº 16/2018 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE DECEMBRO DE 2018

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 16/2018 de 28/12/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/12/2018, Acta nº 16/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/12/2018 ata o 31/12/2018, que comprenden os números 1036/2018 ao 1151/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 23 da Sesión ordinaria do día 10/12/2018
- Acta nº 24 da Sesión ordinaria do día 26/12/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 3 DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA IDAE DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR.

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

Con data 09 de xaneiro de 2019 co Rexistro de entrada nº 119, recibiuse a Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda ao Concello de Rianxo, titular de CIF: P1507300J formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (B.O.E. n1 144, de 17 de xuño de 2017). que dí:

.../...

En su virtud, de acuerdo con cuanto antecede y según lo establecido en el apartado 4 del articulo



CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

13 de las bases del programa de ayudas

RESUELVO

**PRIMERO:** Conceder a **AYUNTAMIENTO DE RIANXO**, titular de CIF: **P1507300J** una ayuda por importe máximo de798.7t5,O6€ al amparo y de conformidad con lo establecido en el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares d16e entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (B.O.E. nº 144, de 17 de junio de 2017), para llevar a cabo el proyecto con las actuaciones descritas anteriormente, en los siguientes términos y condiciones aplicables:

**a) Coste elegible admitido para el proyecto (de acuerdo a los presupuestos Presentados para el mismo) y ayuda a otorgar**,

| AYUNTAMIENTO | MEDIDA | INVERSIÓN ELEGIBLE ADMITIDA | COSTE ELEGIBLE MÁX. ADMITIDO | AYUDA A OTORGAR (cofinanciación FEDER) |
|---|---|---|---|---|
| Rianxo | Medida 06: Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior | 998.395,10€ | 998.395,10€ | 798.716,06€ |
| CUANTÍA MÁXIMA TOTAL DE AYUDA CONCEDIDA | | | | 798.716,06€ |

Reducción del coste elegible o de la ayuda propuesta:

| |
|---|
| Se ha ajustado el cálculo de la ayuda máxima a otorgar según tasa de cofinanciación FEDER corrigiendo el error de redondeo de la solicitud. |

Los términos para ta selección de las actuaciones, conceptos y costes elegibles aceptados son los determinados en las bases de la expresión de interés, así como, para el caso de las ayudas cofinanciadas con Fondos FEDER, los establecidos en la normativa sobre gastos subvencionables tanto nacional como comunitaria, y en particular, los considerados como subvencionables en el art. 55 del Reglamento (UE) No 1303/2013, y la orden HFP/1979/2O16, de 29 de diciembre.

La ayuda otorgada será objeto de cofinanciación por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (F€DER) en el marco del Programa Operativo de crecimiento sostenible 2014-2020, dentro del

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

objetivo Temático 4 - Economía Baja en Carbono.

Tasa de cofinanciación FEDER que corresponde a la operación según el Eje prioritario y Categoría de región a que pertenece: 80%.

**b) Indicadores de productividad previstos en el Programa Operativo de Crecimiento Sostenible (POCS). Resultados previstos para el proyecto:**

| AYUNTAMIENTO | OBJETIVO ESPECÍFICO | MEDIDA | INDICADORES (unidades de medida) | VALOR INDICADOR |
|---|---|---|---|---|
| Rianxo | OE 431. Eficiencia energética en la edificación y en las Infraestructuras y servicios Públicos | Medida 06: Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior | C034 tCO eq/año | 323,85 |
| | | | E001Z ktep/año | 0,053 |

Objetivos específicos en los que enmarca la operación:

- OE 4.3.1 – Edificación Infraestructuras y Servicios Públicos

.../...

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 4 AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO 2015-18 NA ANUALIDADE 2017

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

**Avaliación do cumprimento da anualidade 2017 do Plan de Saneamento-Financeiro (PSF 2015-18)**

Expte.: 2018/X998/000076

En aplicación do artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia, dáselle conta ao Pleno do informe da Intervención Municipal emitido o 24/12/2018 sobre a avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento-Financeiro 2015-18 no exercicio 2017:

*"**1. NORMATIVA APLICABLE***

- *Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia (RDL 8/2014), art. 3*

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**Rianxo** Concello

## *2. ANTECEDENTES*

*O 29/12/2014 o Pleno aprobou, xunto coa solicitude de refinanciamento dunha das operacións do mecanismo de pagamento a provedores, un PSF, xa que o aforro neto que salía da liquidación do ano anterior era negativo.*

*As medidas que o Pleno se comprometeu a levar a cabo para corrixir o valor negativo do aforro neto foron:*

- *Amortización anticipada de préstamos co superávit orzamentario derivado da liquidación do ano 2013*
- *Refinanciamento do préstamo da primeira fase do mecanismo de pagamento a provedores*
- *Vencemento dunha serie de operacións de préstamo, segundo os seus cadros de amortización*

*O artigo 3.6 RDL 8/2014, do 4 de xullo establece que o interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento dos ditos plans e presentalo ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento, e deberá, ademais, remitirllo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

## *3. INFORME*

### *3.1 Cálculo do aforro neto*

*O aforro neto non é unha  magnitude estática. Os únicos elementos que a compoñen e que, como mínimo durante un exercicio se utilizan para o seu cálculo, sen que varíe, son os datos da liquidación: dereitos recoñecidos netos correntes (capítulos do 1 ao a5) e obrigas recoñecidas netas dos gastos correntes non financeiros (capítulos 1, 2 e 4). A anualidade teórica de amortización non ten un valor constante nin aínda dentro do exercicio, poio deben terse en conta aspectos como a evolución do tipo de referencia dos préstamos (xuros), se houbo cancelacións parciais da débeda ou vencementos ou cancelacións totais de préstamos.*

***Consideracións ao cálculo do aforro neto***

*A definición legal desta magnitude realízaa o artigo 53.1 do texto refundido da Lei das facendas locais. A disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do30 de decembro, modificada á súa vez pola disposición final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado, modificaron a fórmula de cálculo introducindo unhas matizacións.*

*Dos anteriores preceptos extráese a necesidade de realizar uns axustes aos ingresos e gastos correntes que se teñen en conta para o cálculo do aforro neto:*

- *Non se deberán computar as obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería. Polo tanto, deberán excluírse todas aquelas obrigas financiadas tanto con remanente de tesourería para gastos xerais como con exceso de financiamento afectado.*
- *Non se deberán computar os ingresos correntes afectados a operacións de capital e calquera outro ingreso extraordinario que pola súa afectación legal e/ou carácter recorrente non teña o carácter de ingreso ordinario.*

*No informe da liquidación do orzamento determináronse os axustes a realizar:*

***Obrigas financiadas con remanente  de tesourería***

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | Total | Cap 1 | Cap 2 |
|---|---|---|---|
| Ocrr financiadas Rtgx CE 1/2017 | 471.777,25 | 0,00 | 471.777,25 |
| Ocrr financiadas Rtgx CE 2/2017 | 43.770,95 | 0,00 | 43.770,95 |
| Ocrr financiadas Rtgx SC 1/2017 | 219.263,42 | 33.003,33 | 186.260,09 |
| Ocrr financiadas EFA 2016/3/20/1 | 1.810,24 | 1.810,24 | 0,00 |
| Ocrr financiadas EFA 2016/3/14/1 | 4.308,60 | 0,00 | 4.308,60 |
| Ocrr financiadas EFA 2014/3/4Y/1 | 184,19 | 0,00 | 184,19 |
| Ocrr financiadas EFA 2015/3/38/1 | 1.841,73 | 0,00 | 1.841,73 |
| **Total O financiadas con remanent de tª** | **742.956,38** | **34.813,57** | **708.142,81** |

***Ingresos de carácter extraordinario***

*Determináronse os seguintes:*

| *Descrición* | *Ingreso extraordinario* |
|---|---|
| *Liquidacións taxa recollida RSU* | *43.673,07* |
| *Liquidación definitiva da PIE 2015* | *179.697,43* |
| ***Total*** | ***223.370,50*** |

***Anualidade teórica de amortización***

*Para o cálculo da anualidade teórica de amortización realizado no informe da liquidación do exercicio 2017 tivéronse en conta os datos históricos no 2018, que tomaron valores negativos e cunha tendencia a aproximar o seu valor a cero. Por prudencia utilizouse o valor de 0,01%. Así, a anualidade teórica de amortización resultante foi de 225.468,38 €.*

| Entidade | Préstamo | Importe formalizado/ pendente a 31-12-2017/proxectado | Tipo xuro | Periodicidade na liquidación | Prazo | Tipo de xuro a aplicar | Anualidade teórica de amortización (Ata) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BBVA | 9555014584 | 148.659,38 | Euríbor+0,98 | Trimestral | 4,41 | 0,99% | 34.416,17 |
| BBVA | 60057342 | 500.000,00 | Euríbor+0,65 | Trimestral | 5 anos | 0,66% | 101.741,54 |
| Deputación Provincial | PAI 2015 | 204.423,20 | 0,00% | Semestral | 10 anos (amortización) | 0,00% | 20.442,32 |
| Deputación Provincial | PAI 2016 | 222.852,95 | 0,00% | Semestral | 10 anos (amortización) | 0,00% | 22.285,30 |
| Deputación Provincial | POS 2017 | 223.040,21 | 0,00% | Semestral | 10 anos (amortización) | 0,00% | 22.304,02 |
| Deputación Provincial | POS 2018 | 242.790,30 | 0,00% | Semestral | 10 anos (amortización) | 0,00% | 24.279,03 |
| **Total** | | **1.541.766,04** | | | | | **225.468,38** |

***3.2 Cumprimento das previsións***

*Tendo en conta os datos que se extraen da liquidación do exercicio 2017 e os axustes a realizar detallados no apartado anterior, a comparación coas previsións do PSF son as seguintes.*

***Ingresos correntes derivados da modificación de políticas***

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

*Neste apartado consignouse o importe correspondente ás variacións de recadación como consecuencia de:*

- *Os efectos da ponencia de valores do IBI de natureza rústica e urbana.*
- *Os efectos da redución do tipo de gravame no IBI de natureza rústica e urbana.*

| | | |
|---|---|---|
| ***(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos*** | *0,00* | *14.537,72* |

| ***Breve descrición do cambio normativo*** | ***Importe Incr(+)/dimin(-) no orzamento 2017*** | ***Importe Incr(+)/dimin(-) en liquidación do orzamento 2017*** | ***Norma(s) que cambian*** | ***Aplicación económica*** |
|---|---|---|---|---|
| *IBI urbana. Efectos dea ponencia de valores aprobada en 2012* | *0,00* | *18.740,21* | *Ponencia de valores (art. 67 TRLFL)* | *11300* |
| *IBI urbana. Efecto da redución do tipo de gravame* | *0,00* | *-33.944,62* | *Ordenanza fiscal* | *11300* |
| *IBI rústica. Efecto neto da ponencia de valores e redución do tipo de gravame* | *0,00* | *29.742,13* | *Ponencia de valores (art. 67 TRLFL) y Ordenanza fiscal* | |

| ***Ingresos*** | ***Año 2017 PSF*** | ***Liquidación 2017*** | ***Variación*** |
|---|---|---|---|
| ***Ingresos correntes*** | ***6.709.581,67*** | ***7.001.631,97*** | ***4,35%*** |
| *Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificaciones de políticas)* | *6.709.581,67* | *6.987.094,25* | *4,14%* |
| *Derivados de modificación de políticas* | *0,00* | *14.537,72* | |

| ***A) Detalle de ingresos correntes*** | ***Año 2017 PSF*** | ***Liquidación 2017*** | ***Variación*** |
|---|---|---|---|
| *Capítulo 1 y 2: impostos directos e indirectos* | *2.289.716,51* | *2.217.504,10* | *-3,15%* |
| *IBI* | *1.708.972,94* | *1.546.203,23* | *-9,52%* |
| *IAE* | *66.548,40* | *61.243,77* | *-7,97%* |
| *IVTM* | *569.109,36* | *554.764,30* | *-2,52%* |
| *IIVTNU* | *6.332,91* | *25.023,54* | *295,13%* |
| *ICIO* | *22.969,47* | *30.269,26* | *31,78%* |
| *Cesión de impostos do Estado* | *0,00* | *0,00* | *0,00%* |
| *Ingresos de capítulos 1 e 2 non incluídos anteriormente* | *0,00* | *0,00* | *0,00%* |
| *Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos* | *1.427.695,88* | *1.251.834,94* | *-12,32%* |
| *Capítulo 4. Transferencias correntes* | *2.991.169,29* | *3.531.254,00* | *18,06%* |
| *PIE* | *2.187.885,11* | *2.093.705,07* | *-4,30%* |

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Resto de transferencias correntes* | *803.284,18* | *1.257.851,50* | *56,59%* |
| *Capítulo 5. Ingresos patrimoniais* | *1.000,00* | *1.038,93* | *3,89%* |
| ***Total de ingresos correntes*** | ***6.709.581,67*** | ***7.001.631,97*** | ***4,35%*** |

| ***Gastos*** | ***Año 2017 PSF*** | ***Liquidación 2017*** | ***Variación*** |
|---|---|---|---|
| ***Gastos correntes*** | ***5.669.113,90*** | ***5.655.211,38*** | ***-0,25%*** |
| *Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)* | *5.524.453,53* | *5.655.211,38* | *2,37%* |
| *Derivados de modificacións de políticas* | *0,00* | *0,00* | |

| ***A) Detalle dos gastos correntes*** | ***Año 2017 PSF*** | ***Liquidación 2017*** | ***Variación*** |
|---|---|---|---|
| *Capítulo 1. Gastos de persoal* | *2.513.888,53* | *2.535.316,27* | *0,85%* |
| *Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos* | *3.044.338,76* | *2.984.787,95* | *-1,96%* |
| *Capítulo 4. Transferencias correntes* | *110.886,61* | *135.107,16* | *21,84%* |
| ***Total de gastos correntes*** | ***5.669.113,90*** | ***5.655.211,38*** | ***-0,25%*** |

| ***Concepto*** | ***Año 2017 PSF*** | ***Liquidación 2017*** | ***Variación*** |
|---|---|---|---|
| ***Ingresos correntes*** | *6.709.581,67* | *7.001.631,97* | *4,35%* |
| ***Gastos cap 1, 2 y 4*** | *5.669.113,90* | *5.655.211,38* | *-0,25%* |
| ***Ata*** | *209.867,64* | *225.468,38* | *7,43%* |
| ***Aforro neto*** | ***830.600,13*** | ***1.120.952,21*** | ***34,96%*** |

*Como se pode ver, os datos positivos do aforro neto melloraron nun 34,96 por cento as previsións do Plan de saneamento financeiro. Ilo debeuse ao crecemento dos ingresos correntes e a redución dos gastos correntes, que compensaron o incremento da anualidade teórica de amortización:*

| ***Descrición*** | ***Variación % liquidación sobre PSF*** | ***Variación*** |
|---|---|---|
| *Ingresos correntes* | *4,35%* | *292.050,30* |
| *Gastos correntes* | *-0,25%* | *-13.902,52* |
| *Anualidade teórica de amortización* | *7,43%* | *15.600,74* |

### *4. CONCLUSIÓNS*

*O Concello de Rianxo conseguiu cos datos da liquidación do ano 2017 un aforro neto positivo, superior ao*



CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

*previsto no Plan de saneamento financeiro, polo que está cumprido o obxectivo deste plan neste exercicio.*

*Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito.*

*Este informe deberá remitírselle ao Ministerio de Facenda para o seu coñecemento.*

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 5 RENUNCIA DA CONCELLEIRA MARÍA VANESA MARTINEZ DURÁN (PP)

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

O 07/01/2019 tivo entrada no concello o escrito de renuncia da concelleira Dona MARÍA VANESA MARTINEZ DURÁN (PP) con DNI 52935559R ao dito cargo (RE 201990000000027 do 07/01/2019).

A renuncia é un acto bilateral que só se perfecciona coa recepción da Administración que ten que asumila; que mentres isto non sucede pode ser revogada e deixada sen efecto polo renunciante mesmo, e que a renuncia terá efectos dende a toma de coñecemento que faga o Pleno do Concello; e que unha vez feita a renuncia e aceptada polo Pleno do Concello, o cargo de concelleiro pérdese, sen que resulte admisible o reingreso á Corporación, a non ser que existise unha causa de nulidade (acordo da Xunta Electoral Central do 23/06/1988).

Posteriormente solicitarase da Xunta Electoral competente a expedición da credencial a favor do candidato o, no seu caso, suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a súa orde de colocación (artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral).

A Instrución do 10/07/2003, da Xunta Electoral Central, sobre a substitución de cargos representativos locais (BOE núm. 171, do 18/07/2003), cando se presente un escrito de renuncia ou se produza o pasamento ou outro suposto de perda do cargo de concelleiro, alcalde pedáneo ou conselleiro comarcal ou doutro cargo representativo local, o Pleno da entidade local do que forme parte tomará coñecemento dela, remitindo certificación do acordo que se adopte á Xunta Electoral de Zona, durante o seu período de mandato, en orden ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central, unha vez concluídos o mandato daquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto pola Lei orgánica do réxime electoral xeral, indicando o nome da persoa coa que, ao xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.

A remisión do dito acordo da toma de coñecemento da renuncia terá que realizarse á Xunta Electoral Central xa que, conforme ao artigo 15.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o mandato da Xunta Electoral de Zona concluíu aos cen días dende que as eleccións locais tiveron lugar.

O prazo no que teña que ter lugar a sesión plenaria para a toma de coñecemento da renuncia, aquela ten que ser dentro dos dez primeiros días naturais seguintes á presentación do escrito de renuncia (Instrución da Xunta Electoral Central no seu apartado primeiro punto catro).

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte este acordo:

PRIMEIRO

TOMAR COÑECEMENTO da renuncia ao cargo de concelleira deste concello de Dona MARÍA VANESA MARTINEZ DURÁN (PP) con DNI 52935559R

SEGUNDO

REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a D. Francisco Celestino Rodríguez Romero número 9 da candidatura presentada no Concello de Rianxo polo Partido Popular nas eleccións municipais de 2015.

Con data 30/01/2019 (Rexistro de Entrada nº 486) presenta a renuncia a toma de posesión de conselleiro do Partido Popular D. Francisco Celestino Rodríguez Romero.

A vista do escrito presentado O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa modificación do punto segundo; correspóndelle cubrir a vacante a Dona Zoraida Cebreiro Alcalde número 10 da candidatura presentada no Concello de Rianxo polo Partido Popular, polo que queda redactado o acordo da seguinte forma:

*PRIMEIRO*

*TOMAR COÑECEMENTO da renuncia ao cargo de concelleira deste concello de Dona MARÍA VANESA MARTINEZ DURÁN (PP) con DNI 52935559R*

*SEGUNDO*

*REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a Dona Zoraida Cebreiro Alcalde número 10 da candidatura presentada no Concello de Rianxo polo Partido Popular nas eleccións municipais de 2015.*



CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

## 6. OPERACIÓN DE PRÉSTAMO DE 1.600.000 PARA ADQUISICIÓN PAZO DE RIANXIÑO 2019

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

- O 5 de abril de 2018 o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo acordou iniciar o expediente de adquisición do inmoble do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda

REFERENCIA CATASTRAL : 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA : 10226 m2 segundo catastro , 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle

| LOCALIZACIÓN | REHABILITACIÓN | AMPLIACIÓN | SUPERFICIE CONSTRUÍDA |
|---|---|---|---|
| PLANTA SOTO | | 66,92m2 | 66,92 m2 |
| PLANTA BAIXA | 251,39m2 | 500,31m2 | 751,70m2 |
| PLANTA PRIMEIRA | 245,11m2 | 436,27m2 | 681,38m2 |
| TOTAL | 496,50m2 | 1003,50m2 | 1500,00 m2 |

- O mesmo acordo plenario acordou facultar a Alcaldía a NEGOCIAR coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, un dereito de opción de compravenda exclusivo e preferente sobre a finca. No caso de que non se exercite o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros). Debendo ser ratificado previamente o expediente antes da súa formalización por este pleno
- Con data 27/03/2018 emítese Informe de técnico de idoneidade do Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto.
- Con data 02/04/2018 emítese o Informe de técnico de viabilidade de uso da Arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante.
- Con data 20/04/2018, o Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto, presenta unha taxación inmobiliaria da valoración do Pazo dos Viturro en Rianxiño por importe de 1.903.352,00€ .
- Con data 23/04/2018, o Rexistro da Propiedade de Padrón remite certificación de data 16/04/2018 da nota simple da inscrición na que consta que dita propiedade está a nome das RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR
- Con data de abril de 2018, recíbese o borrador da escritura de opción de compra entre o Concello e as propietarios do Pazo de Rianxiño.

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Con data 03/05/2018, asínase o Protocolo de intencións entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para a financiación da adquisición do Pazo de Rianxiño e obras de adaptación para centro de día, destinado a atención de persoas maiores, por importe de 600.000,00 €.
- Con data 16/05/2018, preséntase no concello co RE 201800000003022 Taxación levada a cabo pola empresa TINSA, Tasaciones Inmobiliarias SAU, por importe de 1.841.372,45 € polo método de actualización, previsto na Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.
- Con data 28.5.2018 emítese informe conxunto por secretaria e intervención o contrato de opción de compra do Pazo de Rianxiño
- Con data 31 de maio de 2018 o pleno aproba a facultar o Alcalde a formalizar en escritura pública o dereito de opción de compra coas actuais titulares Relixiosas franciscanas de la Madre del Divino Pastor por un ano no caso de non exercitarse o Concello aboara as actuais propietarias a cantidade de 50.000€ .
- Con data 6 de xuño de 2018 ante o notario Francisco López Moledo elevase a escritura publica entre o Alcalde do Concello e as propietarias o pazo o exercicio da opción de compra .Este será de 9 meses prorrogables tres meses máis vencendo en todo caso o 6 de xuño de 2019 as 12 horas por un importe de 1.600.000€ . No caso de que o Concello de Rianxo non executase a opción de compra aboará unha indemnización de 50.000€
- Con data 13 de xuño Re 3827 ten entrada informe da Dirección xeral de Patrimonio cultural no que informan non existe inconveniente por parte da dirección xeral para a adquisición do concello de Rianxo do Pazo de
- Por providencia da Alcaldía de 11.1.2019 acordase iniciar a tramitación dunha operación de préstamo por importe de 1600.000 para o financiamento do Pazo de Rianxiño .
- Informe de Secretaría do 16/01/2019.
- Informe de Tesourería do 22/01/2019 con proposta de pregos reguladores da contratación da operación de préstamo
- Informe de Intervención favorable do 23/01/2019 Desde o punto de vista económico, sempre e cando se manteñan as circunstancias de control de gasto e prudencia na elaboración das previsións de ingresos, conclúese que o concello pode asumir as obrigas derivadas do préstamo proposto.

Visto que ao abeiro do artigo 22.2.m da LBRL a concertación da operación de préstamo que nos ocupaé competencia atribuída ao Pleno, de maioría ABSOLUTA .

Propoño ao Pleno que, unha vez ditaminado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e



CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Participación Veciñal, adopte o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO**

Aprobación **do PREGO DE CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO POR IMPORTE DE 1.600.000,00€ PARA O FINANCIAMENTO DO PAZO RIANXIÑO** RC 5825001NH1252N0001FX no exercicio 2019 co seguinte contido

**PRIMEIRO. OBXECTO**

O obxecto deste prego regular a contratación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 1.600.000,00 € para a adquisición do Pazo Rianxiño RC 5825001NH1252N0001FX no exercicio 2019.

**SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Ao abeiro do artigo Artigo 10. da Lei Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en canto aos negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro, están excluídos do ámbito de a presente Lei os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros no sentido da Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, por a que se modifican as Directivas 85/611/CEE e 93/6/CEE, do Consello e a Directiva 2000/12/CE, do Parlamento Europeo e do Consello e derrógase a Directiva 93/22/ CEE, do Consello. Así mesmo quedan excluídos os servizos prestados polo Banco de España e as operacións realizadas con a Facilidade Europea de Estabilización Financeira e o Mecanismo Europeo de Estabilidade e os contratos de préstamo e operacións de tesourería, estean ou non relacionados coa emisión, venda, compra ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros.

No artigo 4. se indica o réxime aplicable aos negocios xurídicos excluídos, sendo que as relacións xurídicas, negocios e contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente Lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

**TERCEIRO. ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano municipal competente para a contratación será o Pleno da Corporación, a tenor do establecido no artigo 52.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), pois o importe acumulado das operacións concertadas no exercicio 2019 é superior ao 10 por 100 dos recursos ordinarios previstos no presuposto vixente.

**CUARTO. PREZO DO CONTRATO. COSTE TOTAL MÁXIMO**

4.1. O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso económico previstas no artigo 50 do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico; polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos).

4.2. Estimación do custo de financiamento do Estado; en base á Resolución do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, este custo, para unha operación de 73,50 meses como as que temos por obxecto, calcúlase mediante interpolación entre 72 e 84 meses,

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

resultando o custo de financiamento do Estado un diferencial sobre Euribor (a 3 meses) de 45,38 puntos básicos posto que o Concello de Rianxo non consta con ferramentas de valoración propias.

| Vida media de la operación (meses) | Dif. máx sobre Eur3m |
|---|---|
| 72 | 44 |
| 84 | 55 |

| Diferencial sobre el CFE máx aplicable | Resultado Dif. máx sobre Eur3m |
|---|---|
| Valor interpolado | 0,4538% |
| Dif. Adicional Por Vida Media >10 años | 0,0000% |
| | 0,4538% |

4.3 Custo total máximo da operación:

Determinación do diferencial para engadir ao custo de financiamento do Estado; O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso Económico previstas no artigo 50 do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico; polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos).

Estimación dos tipos de interese máximos. Devanditos tipos máximos son o resultado de incrementar o custo de financiamento do Estado nun 0,75%, segundo vimos no apartado anterior:

Tipo variable máximo = Eur(3)+ 45,38 p.b. + 75 p.b. = Eur(3) + 120,38 p.b.

| Estimación tipo de interés total | VARIABLE |
|---|---|
| Eur3m | X |
| Diferencial por tipo de operación/entidad | 0,7500% |
| Dif. máx sobre Eur3m | 0,4538% |
| Dif. Adicional Por Vida Media >10 años | 0,0000% |
| **Coste Total Máximo** | X+1,2038% |

4.4 O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), no seu artigo 48 bis sobre Principio de prudencia financeira indica:

1. Todas as operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

Enténdese por prudencia financeira o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custo.

2. Considéranse financeiras todas aquelas operacións que teñan por obxecto os instrumentos seguintes:

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

a) Activos financeiros. Están incluídos neste concepto os instrumentos de capital ou de patrimonio neto doutras entidades, os dereitos para recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións potencialmente favorables.
b) Pasivos financeiros. Están incluídos neste concepto débedas representadas en valores, operacións de crédito, operacións de derivados e calquera outra obrigación esixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións desfavorables.
c) A concesión de avais, reavais ou outra clase de garantías públicas ou medidas de apoio extra orzamentario.
3. As condicións que deben cumprir as operacións financeiras previstas na letra b) do apartado anterior estableceranse por Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, e as das letras a) e c) anteriores por Resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.
4. As Corporacións Locais velarán pola aplicación do principio de prudencia financeira no conxunto do seu sector público.
5. Precisará de autorización do órgano competente da Administración Pública que teña atribuída a tutela financeira das Entidades Locais a formalización das operacións ás que se refire a letra c) do apartado 2 deste artigo, cando non se axusten ás condicións do principio de prudencia financeira.»

**QUINTO. PERÍODOS DE LIQUIDACIÓNS DE XUROS**

Os períodos de liquidacións serán trimestrais, coincidindo cos trimestres naturais, agás a primeira liquidación que comprenderá dende a data da primeira disposición e ata o derradeiro día do trimestre natural correspondente.

O xuro nominal será variable, con referencia ao EURIBOR a tres meses mais o diferencial ofertado (sen redondeo), sen que o custo financeiro da operación poida exceder do diferencial máximo de 1,2038 % mais o EURIBOR a tres meses, en aplicación do principio de prudencia financeira recollido no artigo 48.bis do TRFL, e de acordo coa Resolución do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.

**SEXTO. XUROS DE MORA**

De acordo co Anexo III, número 7, da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro do 4 de xullo de 2017 pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das CCAA e das Entidades Locais, os xuros de mora non poderán superar o tipo da operación mais o 2% anual.

**SÉTIMO. AMORTIZACIÓN**

7.1. O período de amortización será trimestral, por trimestres naturais, dende o 1 de marzo de 2019 e durante 8 anos tras o remate do período de carencia de 2 anos.

O sistema de amortización será constante.

7.2. Para o caso de amortización anticipada en data de pago de xuros e conforme co regulado no apartado Sexto g) da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro do 4 de xullo de 2017, no contrato a subscribir farase constar que non se producirán repercusións de custos de ruptura. Non obstante, no caso de que a amortización anticipada se efectúe en datas diferentes ás de pago de xuros, se permite un custe de ruptura, sempre que dito custe se calcule atendendo á practica de mercado.

**OITAVO. PRAZO DA OPERACIÓN**

A) Período de libre disposición e carencia: establécese un prazo de libre disposición e carencia dende a data de formalización do contrato e durante 2 anos.



CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

B) Período de amortización: iniciarase dende o día seguinte á finalización do período de libre disposición e carencia, e terá unha duración de 8 anos. Durante este período reembolsarase o principal e os xuros correspondentes, mediante liquidacións trimestrais calculadas co sistema de amortización constante.

C) Vida media da operación (en meses): a vida media, para a aplicación do principio de prudencia financeira e a concreción do custo máximo permitido, é de 73,50 meses, incluída a carencia.

$$VM = \frac{plazo\ de\ la\ operación + años\ de\ carencia + \frac{1}{n^{o}\ amortizaciones\ anuales}}{2}$$

| | | |
|---|---|---|
| 1.- Plazo de la operación | 10 | años |
| 2.- Años de carencia | 2 | años |
| 3.- Amortizaciones anuales | 4 | al año |
| **VIDA MEDIA (en años)** | **6,125** | **años** |
| **VIDA MEDIA (en meses)** | **73,50** | **meses** |

**DECIMO. GASTOS**

Os únicos gastos que satisfará o Concello serán os xuros, calculados na forma establecida neste prego, sen que poidan repercutirse outros por comisións, corretaxes, comisións de amortización adiantada, comisións de indispoñibilidade etc.

**UNDÉCIMO. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA**

11.1. Nos presupostos do exercicio 2019 existe consignación na aplicación 011.310.00 para afrontar os custos financeiros da operación.

11.2. A existencia de crédito para os gastos financeiros e as cotas de amortización dos exercicios seguintes, queda condicionada á dotación de crédito nos presupostos dos exercicios 2019 e seguintes.

**DUODÉCIMO. - PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN**

O procedemento de contratación consistirá na solicitude de ofertas ás entidades financeiras do municipio, ao Banco de Sabadell e ao BBVA. A licitación publicarase no perfil do contratante do Concello de Rianxo.

**DECIMOTERCEIRO. PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DAS PROPOSICIÓNS**

13.1. Deberá cumprimentarse un modelo de PROPOSICIÓN ECONÓMICA que axustarase ao modelo do ANEXO 1 ao presente Prego.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo sendo o prazo 20 días naturais dende a publicación das Bases no Perfil de contratación municipal e ata as 23.59 horas do prazo, en sobre pechado no que se indicará “Proposición económica para participar na licitación dunha operación de crédito a longo prazo de 1.600.000,00 € para a adquisición do Pazo Rianxiño RC 5825001NH1252N0001FX no exercicio 2019”

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

13.2. A presentación de proposición supón a aceptación incondicionada da totalidade das cláusulas ou condicións deste Prego, sen salvedade nin reserva algunha, así como oferta en firme non suxeita a ningún tipo de condición/autorización/avaliación posterior por parte da entidade financeira.

13.3. Superado o prazo indicado no punto 13.1 anterior procederase ao acto público de apertura das proposicións pola Mesa que se constituirá ao efecto, presidida polo Alcalde, e actuando como vocais o Concelleiro de Facenda, A Tesoureira, a Interventora e a Secretaria do Concello de Rianxo, levantándose acta da mesma.

13.4. Á vista das propostas presentadas, serán valoradas pola Tesoureira, clasificándoas en orde decrecente, indicando cal se considera a oferta mais vantaxosa, e formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano competente.

13.5. Á vista do informe da Tesouraría municipal, e en todo caso, no prazo máximo de 5 días hábiles dende a apertura das proposicións, o órgano de contratación acordará a adxudicación da contratación ou ben a declarará deserta si considera que ningunha das ofertas cumpre coas condicións do prego. Si o órgano de contratación non adxudicara o contrato de acordo con sentido da proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

13.6. O adxudicatario deberá achegar a documentación do apartado 13.7 con carácter previo á formalización do contrato. Si a presentación da documentación se entrega con posterioridade á adxudicación, esta se acordará de forma condicionada á achega dos ditos documentos antes da formalización. En caso de esgotar o prazo de formalización sen cumprir este requisito, procederase a adxudicar o contrato ao seguinte licitador clasificado.

13.7.- Documentación:

- Fotocopia do/dos D.N.I. da/s persoa/s que asine/n a proposición

- Escritura de poder do asinante/s da proposición e das persoas apoderadas para a formalización da operación no suposto de resultaren adxudicatarios da mesma.

- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**DECIMOCUARTA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Para a adxudicación deste contrato atenderase, exclusivamente, ao **menor prezo** ofrecido polos licitadores, isto é, á oferta mais vantaxosa dende o punto de vista económico. O custo total máximo da operación será o límite de prezo polo que se poida adxudicar a operación.

As ofertas referiranse sempre ao **diferencial aplicable** sobre o índice de referencia que é o EURIBOR a tres meses, que **non excederá do 1,2038%**. A oferta expresarase en termos porcentuais cun máximo de catro decimais (custo máximo total = eur3+1,2038).

A oferta economicamente mais vantaxosa será aquela que presente maior rebaixa respecto do diferencial máximo aplicable, e polo tanto, a que represente maior minoración respecto do custo total máximo.

En caso de igualdade en canto á proposición mais vantaxosa, e si as empresas licitadoras acreditan ter unha relación laboral de persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100 en cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o empate resolverase en favor da entidade que dispoña de maior número de traballadores fixos con discapacidade na súa empresa, segundo prevé o artigo 147 da LCSP; en caso de que tras a aplicación deste criterio, persista o empate, considerarase o custo de ruptura por amortización anticipada e se persiste, o xuro de mora ofertado.

**DECIMOQUINTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

15.1. Formalizarase un contrato que será asinado por parte do Concello, polo Alcalde da Corporación,

CVD: eFww8qtLwCROGJfbIPeN
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

e, por parte da entidade adxudicataria, por un representante ou representantes con poder suficiente debidamente acreditado. Actuará como fedatario o Secretario da Corporación. O prazo de formalización será como máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao de notificación da adxudicación.

15.2. Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

15.3 O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o adxudicatario. Neste caso, o adxudicatario estará obrigado a entregar unha copia da mesma, e todos os gastos que se deriven do perfeccionamento correrán de conta do adxudicatario.

15.4. O incumprimento polo adxudicatario dos requisitos necesarios para a formalización do contrato, por causas imputables ao mesmo, facultará ao Concello para instar a anulación da adxudicación efectuada e reclamar a indemnización oportuna.

**DECIMOSEXTA.- FALTA DE OFERTAS EN PRAZO. FALTA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. LICITACIÓN DESERTA.**

